

XX ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Paso a paso, man con man. Deporte e lingua

12-13 de abril de 2018

Conclusións

1. O deporte estimula a identidade colectiva e contribúe a dar cohesión ao entramado social: forma parte do día a día, está implicado na historia local, forma parte dos afectos..., tamén é un espazo de socialización en lingua galega.
2. Respecto da pregunta sobre se o deporte fala ou non galego, cómpre concluir que hai claros e escuros:
 - Hai ámbitos en que a lingua flúe espontánea, como lingua de instalación completamente natural. Poden ser espazos territoriais ou determinados hábitats, pero tamén ocorre nalgúns tipos de práctica deportiva, con independencia de onde se practiquen, mostrando que a inmersión nun medio galegófono actúa como elemento normalizador. Noutros ámbitos, en cambio, no mundo do deporte dáse un reflexo do que acontece na sociedade urbana en xeral.
 - Púxose de manifesto que polo deporte se chega á lingua. Este é un deses espazos de socialización idóneos que, en distintos Encuentros anteriores, botabamos en falta para a lingua galega. Mirarse no espello dos deportistas de referencia, nos seus aspectos máis positivos desde o punto de vista social e humano, pode contribuír a reforzar o afecto lingüístico dos máis novos e a reforzar en toda a sociedade o valor da lingua como elemento cohesionador dunha identidade diferenciada. O exemplo dos adestradores e adestradoras debería contribuír no mesmo sentido.
 - Falando sempre en termos globais, semella que o uso do galego é maior entre os e as deportistas, decrece se ascendemos ao ámbito dos clubs e máis aínda se subimos ao das federacións. Dentro dos clubs, a práctica galegófona é maior nas directivas ca nos adestradores e adestradoras, que semellan ser o nivel con maiores reticencias ao uso do galego. Rapaces e

rapazas galegofalantes pasan a instalarse en castelán cando entran no carreiro da formación deportiva que se ofrece a través destas entidades, polo que cómpre facer unha chamada de atención á reflexión sobre o seu rol social.

- Os protagonistas —homes e mulleres que falan desde o interior do mundo do deporte— fixeron ver que se usa moito máis galego do que logo se traslada á sociedade a través dos medios de comunicación, que con frecuencia traducen as declaracións ou toman as noticias da versión castelá das respectivas webs. Fíxose un chamamento para que os medios visibilicen e amplifiquen o uso de galego no deporte.

3. Entre as dificultades formativas salientáronse: (a) a falta de obras en lingua galega destinadas ao ensino, tanto para a educación física nas distintas etapas do ensino regrado coma para as diversas liñas de formación de técnicos; (b) a escaseza de vocabularios específicos e a urxencia de apoio ou difusión de recursos terminolóxicos; (c) a necesidade de capacitación dos docentes para a formación en actitudes.

4. Salientouse o valor dos deportes e xogos tradicionais como un espazo de inmersión lingüística. Este é un deses ámbitos en que o galego flúe de xeito natural e facilitan a socialización en lingua galega, polo que tamén por ese motivo cómpren actuacións públicas para fomentalo e reforzalo. Entre as medidas que se puxeron sobre a mesa destacan as seguintes: (a) espazos urbanos en que practicalos; (b) transcender a barreira entre “deporte” e “deporte/xogo tradicional”; (c) valorar o deporte tradicional como parte inseparable do patrimonio cultural e da cultura viva; (c) incorporalo como opción na práctica deportiva dos diversos niveis de ensino, desde a etapa infantil á universitaria.

5. Desde o goberno e administración autonómica ábrese unha porta de esperanza coa Escola Galega do Deporte: confiamos e diriximos tamén aos seus responsables estas conclusións, co ánimo de podermos avaliar moi positivamente nuns cantos anos a efectividade do seu traballo nesta liña de normalización lingüística. En tanto facemos chegar á administración a necesidade de que o seu apoio se manifeste en medidas de estímulo concretas e de que nas cláusulas dos convenios, nas esixencias para a concorrência e nos baremos das convocatorias se contemple o uso efectivo da lingua galega por parte das entidades que reciben financiamento público. Pídeselle tamén ao goberno autónomo que as federacións sexan convocadas a cumprir coas súas obrigas lingüísticas, posto que as súas competencias e responsabilidades son delegadas da Xunta de Galicia.